



12 DIC. 2017

Asunto: *Anteproxecto de Decreto ..., polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe*

Achégase o texto do *Anteproxecto de Decreto* que se cita no asunto de referencia para que, no prazo máximo de *QUINCE DÍAS HÁBILES*, formule as alegacións que considere oportunas, de conformidade co establecido polo artigo 42 e seguintes da Lei16/2010, do 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autónomo de Galicia

Os escritos de alegacións que se formulen deberán ser presentados acolléndose vía sede electrónica a través do código de procedemento PR004A.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2017

Marta Míguez Telle

Secretaria xeral para o Deporte





12 DIC. 2017

Anteproxecto de Decreto ..., polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe

O deporte, desde as súas primeira expresións, é sinónimo de saúde, esforzo e superación. Con independencia da idade, dispoñibilidade, modalidade deportiva ou nivel de competición no que se realice deporte, as persoas buscan fundamentalmente estar nun estado de forma que lle garanta unha vida saudable e unha calidade de vida nas mellores condicións posibles, na procura de evitar problemas de saúde.

Conxuntamente coa procura de estar nunha boa condición física, a práctica deportiva realízase, nunha importante colectividade, co obxectivo da superación dunha serie de retos e metas individuais que se fixan para lograr unha mellora das marcas ou rexistros acadados nas distintas probas ou competicións nas que participe.

Dentro desta colectividade que busca a mellora das marcas e rexistros, atopámonos cunha colectividade máis reducida, pero non por elo menos importante, composta por aqueles deportistas que buscan ou xa forman parte da alta competición como expresión máxima do deporte.

Na consecución destes obxectivos, as persoas que realizan unha actividade deportiva deben ter como referencia sempre valores e condutas vencelladas ao xogo limpo, ao esforzo e dedicación persoal, empregando todas as ferramentas dispoñibles dentro dun marco de legalidade.

Así, o uso de instalacións, a dispoñibilidade de adestradores, médicos e resto de persoal dirixido a unha mellora na tecnificación, no rendemento e nas condicións de saúde dos deportistas son elementos básicos para lograr eses



obxectivos, que permiten á súa vez que o resto da sociedade os teña como exemplos e referencia cando algún dos deportivos consegue un éxito deportivo.

Na sociedade actual non é permisible que existan condutas que supoñen un ataque frontal e directo aos valores do deporte, e especialmente, as que teñen a súa orixe na dopaxe no deporte.

Nin a sociedade nin a administración, nos seus distintos estamentos, poden permitir esas actividades que supoñen non soamente unha adulteración dos resultados deportivos senón que ademais poñen en grave risco a saúde e a vida dos deportistas, tendo lamentables exemplos das consecuencias desta práctica.

Aínda que nas súas orixes a dopaxe tiña unha condición máis individualizada, a día de hoxe, temos comprobado que existen verdadeiras redes e tramas organizadas onde se concentran fortes intereses económicos.

Ante esta situación, xa desde fai varios anos, véñense adoptando a nivel internacional e nacional distintas medidas, en forma de lexislación ou acordos, para loitar contra esta lacra no deporte, xa sexa mediante a adopción de medidas preventivas como de medidas represivas, coa esperanza de que a dopaxe desapareza da práctica deportiva.

Estes primeiros pasos teñen a súa orixe na Conferencia Mundial sobre a Dopaxe no Deporte, celebrada en Lausana (Suiza) no ano 1999, que puxo a primeira pedra na loita contra a dopaxe sinalando a necesidade de crear un organismo internacional independente na busca de dispoñer dunhas normas e criterios comúns para combater a dopaxe, de xeito que se lograra unha maior coordinación de todos os axentes dedicados a loitar contra a dopaxe, conseguíndose crear, en virtude desta iniciativa, a Axencia Mundial Antidopaxe



Foi precisamente esta Axencia Mundial Antidopaxe a que no ano 2003 elaborou o Código Mundial Antidopaxe, código que foi substituído polo do ano 2009 e polo actualmente vixente e que entrou en vigor o ano 2015, fixando unhas regras comúns de aplicación en todos os países, sendo de obrigado cumprimento non só para os participantes en todos os deportes senón tamén para as institucións públicas implicadas na loita contra a dopaxe, que deben adaptar os seus criterios ás modificacións que realice esta Axencia

En España, este asunto está regulado en dúas normas. Por unha banda, a Convención Internacional contra a Dopaxe no Deporte do ano 2005, ratificada por España e publicada no Boletín Oficial do Estado o 16 de febreiro de 2017. Por outra, a Lei Orgánica 3/2013, do 20 de xuño, de protección da saúde do deportista e de loita contra a dopaxe na actividade deportiva, modificada polo Real Decreto-Lei 3/2017 do 17 de febreiro, para a súa adaptación ás modificacións introducidas no Código Mundial Antidopaxe en 2015.

Pola súa parte, o Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, no seu artigo 27.22, atribúe á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia de promoción do deporte.

Ao abeiro desta competencia, aprobouse a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, cuxo obxecto é o de promover e coordinar o deporte na Comunidade Autónoma de Galicia, así como ordenar o seu réxime xurídico e a súa organización institucional, de acordo coas competencias que o Estatuto de autonomía e o resto do ordenamento xurídico lle atribúen á Comunidade Autónoma de Galicia. A devandita norma prevé expresamente no artigo cinco a competencia para establecer unha política activa de protección da saúde do deportista e de loita contra a dopaxe no deporte, así como a competencia da



Administración autonómica para levar a cabo o desenvolvemento regulamentario da lei.

A Lei 3/2012 do 2 de abril, no seu título VIII regula a actuación autonómica en materia de prevención e de loita contra a dopaxe no deporte, recollendo entre o seu articulado a Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe. De acordo co sinalado no artigo 130.3 da dita Lei, régúlase mediante o presente decreto a composición e réxime de funcionamento da sinalada Comisión, materia do dopaxe que deberá axustar todo o seu réxime a normativa nacional e internacional, que se caracteriza polo seu carácter tremendamente cambiante, na procura de adoptar medidas que dean resposta a cada unha das situacións e avances que se producen nesta practica tan deostada. Todos eses cambios, que provocan desde aprobación de medidas de control específicas, inclusión e exclusión da listaxe de produtos prohibidos, imposición de obrigas aos deportistas ata a busca da máxima independencia dos órganos de control, fan que se produzan desaxustes entre a normativa internacional e a normativa nacional e autonómica, que se ven sometidas e obrigadas a respectar eses cambios, para dar a máxima garantía xurídica, non so aos deportistas, como peza fundamental desta loita, senon tamén ao resto dos axentes que están implicados, como os laboratorios, as entidades deportivas, o persoal médico e as administracións. Por iso, este decreto, respectando o contido da lei do deporte de Galicia, debe ditarse atendendo a esa normativa internacional no exercicio das súas funcións.

A Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe estará adscrito ao órgano da Administración autonómica competente en materia de deporte, e actúa no coñecemento de todos os asuntos en materia de defensa da saúde do deportista e de prevención da dopaxe.



Este decreto estrutúrase en dous capítulos, cun total de 20 artigos, unha disposición adicional, unha disposición derogatorias e dúas disposicións derradeiras.

No capítulo I establécense o obxecto e a natureza desta comisión. Os dous artigos que o compoñen establecen o obxecto e a natureza desta comisión

No capítulo II desenvólvense a organización, membros e réxime de funcionamento. Os dezaioito artigos deste capítulo detallan as funcións da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe, a súa composición, o sistema de nomeamento e duración do cargo, o seu cesamento ou renuncia, así como os dereitos e obrigas, prevíndose ademais a posibilidade de contar coa participación de persoas asesoras externas así como o réxime de funcionamento.

A disposición adicional regula as axudas de custo que correspondan aos vogais da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe, a disposición derogatoria contemplan a derogación das normas que resultan afectadas por esta norma e as disposicións derradeiras regulan a facultade de desenvolvemento da norma e a entrada en vigor.

Por todo isto é polo que, por proposta do titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de acordo/oído co ditame do Consello Consultivo de Galicia e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do,

DISPOÑO:

Capítulo I. Das disposicións xerais.

Artigo 1. Do obxecto



Este decreto ten por obxecto a regulación da composición e funcionamento da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe.

Artigo 2. Da natureza da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe.

1. A Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe, nos termos e de acordo coas funcións que lle atribúe a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, é o órgano administrativo no ámbito da defensa da saúde do deportista e de prevención da dopaxe no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A Comisión adscríbese ao órgano da Administración autonómica competente en materia de deporte.

Capítulo II. Das funcións, organización, membros e réxime de funcionamento

Artigo 3. Das funcións da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe

1. A Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe ten as funcións que lle corresponden conforme a normativa galega, ao abeiro do disposto na normativa nacional e internacional en materia de dopaxe, e en particular:

- a) Asesorar á Administración autonómica no eido da medicina deportiva.
- b) Propoñer programas e actuacións co obxecto de promover e procurar que a actividade deportiva se realice en condicións adecuadas de salubridade e seguridade.
- c) Promover accións formativas e informativas respecto dos valores da práctica deportiva sobre a saúde.



d) Promover e fomentar a investigación e formación no eido da medicina deportiva e, en concreto, no relativo á protección da saúde dos deportistas.

e) Propoñer criterios e regras técnicas para que as competicións e probas de modalidades deportivas se configuren de modo inocuo para a saúde e integridade física dos deportistas, e sobre os dispositivos mínimos de asistencia sanitaria que deben existir nas competicións.

f) Propoñer as accións preventivas de educación e información sobre a dopaxe.

Artigo 4. Da composición

1. A Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe estará integrado por unha presidencia, unha vicepresidencia e 13 vogais

2. Formarán parte da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe:

a) En representación da administración

1ª) A persoa titular do órgano competente en materia de deporte da Xunta de Galicia, que ostentará a presidencia.

2ª) Unha persoa en representación do órgano competente en materia de deporte da Xunta de Galicia, que ostentará a condición de vicepresidente.

3ª) Unha persoa en representación do órgano competente en materia de saúde pública da Xunta de Galicia, designadas pola persoa titular do Departamento.

4ª) Unha persoa en representación do órgano competente en materia de educación, designada pola persoa titular do departamento.

b) En representación das organizacións deportivas:



1ª) Unha persoa que teña ou tivera a condición de colexiado ou xuíz designada pola persoa titular do órgano competente en materia de deporte da Xunta de Galicia

2ª) Unha persoa en representación das federacións deportivas galegas, a proposta das federacións deportivas galegas

c) En representación dos deportistas:

1ª) Unha persoa que teña ou tivera a condición de deportista federado designada pola persoa titular do órgano competente en materia de deporte da Xunta de Galicia.

d) En representación das corporacións, asociacións e entidades representativas de profesionais sanitarios:

1ª) Unha persoa proposta polo Colexio Oficial de Médicos de Galicia.

2ª) Unha persoa proposta polo Colexio Oficial de Farmacéuticos de Galicia.

3ª) Unha persoa proposta polo Colexio Oficial de Químicos de Galicia.

4ª) Unha persoa proposta polo Colexio Oficial de Enfermería de Galicia.

e) En representación das Facultades de Ciencias da Actividade Física e do Deporte:

Dúas persoas expertas de recoñecido prestixio, designadas pola facultades adicadas a ensinanza universitaria do deporte e da educación física no sistema universitario galego, en representación de cada unha das facultades existentes



f) Dúas persoas designadas pola persoa titular do órgano competente en materia de deporte da Xunta de Galicia entre persoas de recoñecido prestixio nos ámbitos científico.técnico, deportivo, médico e xurídico

3. Designaranse, igualmente, unha persoa suplente por cada unha das persoas que ocupen o posto dos vogais titulares e da vicepresidencia para os supostos de vacantes, ausencia e enfermidade ou por calquera outra causa legal.

4. A Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe estará asistida por unha secretaría. A persoa que ocupe a secretaría terá a condición de persoal funcionario e asistirá ás reunións da Comisión con voz pero sen voto. A designación e o cesamento, así como a substitución temporal da persoa que exerza a secretaría en supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, realizarase conforme o disposto no artigo 11.

Artigo 5. Do nomeamento, aceptación e duración do cargo de vogal e da vicepresidencia da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe

1. A competencia para o nomeamento dos vogais e da vicepresidencia da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe, titulares e suplentes, correspóndelle á persoa titular do órgano competente en materia de deporte da Xunta de Galicia.

2. Os nomeamentos dos vogais e da vicepresidencia da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe faranse procurando acadar unha presenza equilibrada de mulleres e homes na súa composición total.

3. Feito o nomeamento, este producirá efecto desde a aceptación. Para tal efecto, as persoas nomeadas deberán aceptar o cargo expresamente e por escrito, dentro do prazo dos quince días seguintes ao do nomeamento, e



deberán, no momento da aceptación, manifestar que non están incursas en causa de incompatibilidade para o exercicio do cargo.

4. A duración do mandato dos vogais e da vicepresidencia da Comisión Galega de Control da Violencia será de catro anos, que se contarán a partir da data de nomeamento.

5. No caso de que a designación se faga en función do seu cargo ou condición, o mandato manterase en tanto ostenten o cargo ou a condición que determinase a súa designación.

6. De producirse algunha vacante, ausencia ou enfermidade, garantirase en todo momento a existencia de, cando menos, unha persoa suplente designada dispoñible para a cobertura dunha nova eventualidade de tal condición. En caso de vacante, esta persoa suplente ocupara o posto de vogal durante o período restante para cumprir os catro anos de mandato do que figuraba como titular

7. Transcorrido o prazo de catro anos previsto no apartado 4, se por calquera causa se demora o nomeamento dos novos vogais ou da vicepresidencia da comisión, as persoas cesantes seguirán desempeñando as súas funcións ata que a renovación teña efectividade polo nomeamento correspondente.

Artigo 6. Dos cesamentos

Son causas de cese as seguintes:

- a) Expiración do prazo do seu mandato.
- b) Condena por delito en virtude de sentenza firme.
- c) Incapacidade ou inhabilitación para ocupar cargo público declarada por resolución xudicial firme.



d) Concorrenza de causa de incompatibilidade.

e) Por perda do cargo ou a condición no caso de que a designación se faga en función do seu cargo ou condición.

f) Por remoción por incumprimento grave das súas obrigas

2.A competencia para o cesamento correspóndelle á persoa titular do órgano competente en materia de deportes da Xunta de Galicia

Artigo 7. Da renuncia á condición de vogal e vicepresidencia da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe

1. A renuncia voluntaria á condición de vogal ou da vicepresidencia da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe deberá ser manifestada por escrito e será aceptada expresamente polo órgano da Administración autonómica competente en materia deportiva.

2. A renuncia non inhabilita para que a devandita persoa poida volver ser nomeada como vogal da comisión.

Artigo 8. Dos dereitos e obrigas dos membros da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe

1. Aos membros da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe, correspóndelle:

a) Asistir ás sesións e participar nas mesmas.

b) Emitir o seu voto, expresando o sentido do mesmo, así como formular voto particular cando discrepe do parecer da maioría.



c) Cantos outros dereitos e deberes sexan inherentes á súa condición de membro dun órgano colexiado.

Artigo 9. Da presidencia da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe

1. Á persoa titular da presidencia, sen prexuízo dos demais dereitos, obrigas e funcións que ten como membro da Comisión, correspóndelle:

a) Representar a Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe.

b) Convocar, a través da Secretaría, as súas sesións.

c) Fixar a orde do día das sesións.

d) Abrir e levantar as sesións.

e) Dirixir as deliberacións, dando a palabra a cada vogal, moderando as intervencións e limitando, no seu caso, a duración das mesmas en aras de permitir a participación de todos eles e de garantir a boa marcha das sesións.

f) Decidir co seu voto os empates que se poidan producir.

g) Visar as actas da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe.

h) As demais que sexan inherentes á súa condición de Presidenta ou Presidente.

2. Ditas funcións poderán delegarse na Vicepresidencia.

Artigo 10. Da Vicepresidencia

1. As funcións da Vicepresidencia serán, sen prexuízo dos demais dereitos, obrigas e funcións que ten como membro da Comisión, entre outras, as seguintes:



a) Suplir á persoa titular da Presidencia en caso de vacante, ausencia, enfermidade ou causa de similar entidade.

b) As demais que lle sexan encomendadas pola Presidencia.

Artigo 11. Da Secretaría da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe

1. A Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe estará asistida por unha persoa que ocupará a secretaría designada polo persoa titular do órgano da Administración autonómica competente en materia deportiva de entre as persoas funcionarias ao servizo dela.

2. No caso de vacante, ausencia e enfermidade, e con carácter excepcional, a persoa que exerza a secretaría será substituída por outro funcionario designado a estes efectos.

3. Corresponde á secretaria da Comisión:

a) Asistir ás reunións, con voz pero sen voto.

b) Efectuar a convocatoria das sesións da Comisión por orde da Presidencia, así como as citacións aos seus membros.

c) Recibir os actos de comunicación dos membros da Comisión e, por tanto, as notificacións, peticións de información ou datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos de que se deba ter coñecemento.

d) Coidar a estrita observancia de todos os trámites e advertir sobre aqueles defectos de forma que considere que se produciron ou poidan producirse.



- e) Preparar de forma concisa e completa os apuntamentos dos expedientes para coñecemento dos membros da Comisión.
- f) Levar a repartición de asuntos e asignación de relatorios entre os vogais da Comisión, de acordo co sistema de quenda que aqueles teñan establecido.
- g) Conservar e custodiar a documentación e arquivos da Comisión
- h) Preparar o despacho dos asuntos e redactar e autorizar as actas das sesións.
- j) Notificar ás persoas ou entidades interesadas as resolucións da comisión
- k) Cantas outras funcións sexan inherentes á condición de secretario/a da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe.

Artigo 12. Das persoas asesoras externas

1.A persoa que exerce a presidencia da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe pode convocar ás sesións desta, a iniciativa propia ou a proposta de calquera das persoas que a integran, a outras persoas das que, pola súa preparación e capacitación técnica en relación cos asuntos para tratar, sexa conveniente dispoñer do seu asesoramento.

2.As persoas mencionadas no apartado anterior asisten ás reunións en calidade de asesoras externas e actúan con voz pero sen voto.

Artigo 13. Das axudas de custo

A pertenza á Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe ou a participación de persoas especializadas non dará lugar a retribución algunha, pero os seus integrantes terán dereito ao abono de axudas de custo

Artigo 14. Do funcionamento



1.A Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe reunirse en sesión ordinaria cantas veces sexa necesario para o exercicio das súas funcións e, como mínimo, dúas veces durante o ano natural.

2.En sesión extraordinaria poderá reunirse a iniciativa da Presidencia ou a petición da metade mais un dos membros da comisión.

Artigo 15. Das convocatorias e da constitución

1.As convocatorias serán realizadas por orde da Presidencia cunha antelación mínima de sete días naturais. Na convocatoria haberá de fixarse o día, lugar e hora de celebración da sesión así como a orde do día da mesma.

2.Quedarán dispensadas da devandita antelación mínima aquelas sesións que revistan urxencia que deberán convocarse cunha antelación mínima de 48 horas.

3.A válida constitución da Comisión require a presenza das persoas que exercen a presidencia e a secretaría, ou as que os substitúan, e a da metade alomenos dos vogais que integran a Comisión

Artigo 16. Da orde do Día das Sesións

As persoas integrantes da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe poderán propoñer á Presidencia a inclusión dalgún punto na Orde do Día, sempre que se faga con antelación suficiente e se acompañe á proposta unha sucinta memoria xustificativa.

Artigo 17. Da adopción de acordos



1. Os acordos da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe serán adoptados por maioría simple de membros presentes, dirimíndose os empates mediante o voto de calidade da Presidencia.

2. O sistema de votación responderá os principios de voto directo e persoal debéndose garantir o voto segredo cando calquera dos seus integrantes o solicite á Presidencia.

3. Os membros da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe poderán delegar o seu voto noutros membros.

Artigo 18. Dos votos particulares

1. As persoas integrantes da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe poderán formular voto particular contra o acordo da maioría, sempre que o anuncien antes de levantarse a sesión.

2. Os votos particulares terán que remitirse por escrito dentro dun prazo non superior a cinco días naturais, tras a finalización da sesión á Secretaría da Comisión.

Artigo 19. Das actas

1. Os acordos da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe constarán en acta, a cal expresará o seguinte:

a) Data, hora e lugar da sesión.

b) Nome e apelidos das e os asistentes e representación que ostentan.

c) Temas tratados, sucinta referencia das deliberacións e acordos tomados.



2.As actas deberán ser asinadas polo Secretario ou Secretaria co visto e prace da Presidencia e serán sometidas á aprobación na mesma ou seguinte sesión.

3.Quen acredite a titularidade dun interese lexítimo poderán dirixirse á Secretaría para que lles sexa expedida certificación dos acordos adoptados.

Artigo 20. Do réxime interno

A Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe estará sometida ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público sen prexuízo do que estableza no seu regulamento de réxime interno de funcionamento.

Disposición adicional única. Axudas de custo dos membros da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe

Será de aplicación, para a determinación das axudas de custo que correspondan aos membros da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe, o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 2 de decembro de 1995 ou, se for o caso, o acordo ou norma que o substitúa.

Disposición derogatoria única. Cláusula derogatoria xeral

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido no presente decreto.

Disposición derradeira primeira. Habilitación normativa

Facúltase a persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para ditar cantas disposicións sexan precisas para a aplicación do disposto neste decreto



Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

O presente decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.